



### XESTIÓN TRIBUTARIA – CALENDARIO FISCAL IBI, IAE e TAXAS 2023

■ Ata o 15 de novembro estarán a disposición das persoas contribuíntes os recibos en período voluntario do IBI, IAE e TAXAS.

Aqueles recibos que se atopen domiciliados serán cargados en conta o día 11 de outubro.

Na páxina web da Deputación da Coruña, concretamente na Oficina Virtual Tributaria (OVT) (<https://ovt.dacorua.gal>) poderán comprobar os recibos, obter a carta de pago e mesmo realizar o pago do imposto. Tamén poderán solicitar a carta de pago no propio Concello.

Para máis información, poderán facer a súa consulta a través do número de teléfono do Concello 981 814 612.

### XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES E XOVES

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

• HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.

• Enderezo electrónico: [registrocivil.vedra@xustiza.gal](mailto:registrocivil.vedra@xustiza.gal)

## OUTUBRO

| L  | M  | MC | X  | V  | S  | D  |
|----|----|----|----|----|----|----|
|    |    |    |    |    |    | 1  |
| 2  | 3  | 4  | 5  | 6  | 7  | 8  |
| 9  | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 |    |    |    |    |    |

### ITV AGRÍCOLA NO CAMPO DA FESTA DE VEDRA

■ Volve a Unidade Móbil para os vehículos agrícolas do noso municipio.

- **Datas:** 30, 31 de outubro e 2 de novembro.
- **Horarios:** De 9:00 a 13:30 horas e de 15:15 a 18:00 horas.

**IMPRESINDIBLE SOLICITAR CITA PREVIA A PARTIR DO 1 DE OUTUBRO NO TELÉFONO 902 309 000.**



### INFORMACIÓN CATASTRO EN VEDRA

■ LEMBRA...

Vedra oferta este servizo mensual de información de catastro.

**IMPRESINDIBLE RESERVAR CITA** no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 horas).

**EN OUTUBRO SERÁ O MARTES 17 DE OUTUBRO**



EVENTO WORLD CAFÉ DO PROXECTO WINEU.rur, financiado pola UE, e que lidera o Concello de Vedra, no que expertos do sector vitivinícola, do medio ambiente e do rural debateron sobre as nosas paisaxes rurais e o futuro do sector vitivinícola na comarca do Ulla.



Visita dunha delegación do Concello de Vedra ao municipio de Lousada (Portugal) no marco do proxecto europeo WINEU.rur, que lidera o noso concello, e cuxa temática do evento foi "Tendencias continentais innovadoras na viticultura nos territorios con paisaxes agrícolas tradicionais".



Presenza de Vedra no acto de entrega do Premio Literario Simbad convocado por Agadea Alzheimer.



Estadía do "Porta a Porta" en Vedra.



Encontro de Voluntariado Xuvenil Boqueixón-Vedra.



Cea de confraternidade da veciñanza coa comitiva da "Outra Vedra" situada en Arxentina e encabezada polo Presidente da Sociedade Parroquial de Vedra en Bos Aires.



Celebración da Patrona do Centro Social.





## ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Trofeo de Fútbol Concello de Vedra entre U.D. Val do Ulla e o C.D. San Mamed coa vitoria deste último.



30ª Carreira Popular do Gundián en Ponte Ulla que chegou ás 3 décadas con éxito de organización e público.



Proxecto A Bote Pronto de ACUXUVE.



Campamento de música e baile tradicional da AC. San Campio.







## A ESTACIÓN: PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA O MES DE OUTUBRO

A ESTACION  
CENTRO DE EMPRENDEMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2023  
CURSO GRATUITO

### DO PROXECTO PERSOAL AO PROXECTO LABORAL

Día 2 de outubro de 2023 (de 10 a 13 h.)

#### Punto de partida:

Para a converter un proxecto persoal, propio e consecuente, nun proxecto profesional sólido e viable hai que facer unha transformación positiva e creativa. A súa tradución efectiva é desenvolver competencias clave que permiten abrir a nosa potencialidade humana ás fontes da inventiva, a innovación e a solución práctica de problemas.

#### Os temas que traballaremos serán:

- A intelixencia en acción: técnicas de pensamento lateral, sistémico e intuitivo.
- Métodos para a xeración de ideas creativas.
- Valoración, estimación viable e o seu lugar no mercado.
- A resolución creativa de problemas.



Nº de prazas máximo: 12

Duración: 3 horas.

Información e inscricións nos tfnos. 667 905 330, 981 51 22 44 ou en [aestacion@concellodevedra.gal](mailto:aestacion@concellodevedra.gal)



A ESTACION  
CENTRO DE EMPRENDEMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2023  
CURSO GRATUITO

### PRIMEIROS AUXILIOS

Día 10 de outubro de 2023 (de 16:30 a 20:30 h.)

#### Obxectivo

Proporcionar os coñecementos máis elementais para poder ofrecer unha axuda eficaz ás persoas que sufran unha situación de emerxencia, xa sexa por accidente ou por enfermidade, adquirindo coñecementos para:

- Aprender a previr accidentes.
- Aplicar procedementos e técnicas máis adecuadas en autoprotección e soporte aos primeiros auxilios.
- Identificar e resolver situacións de urxencia vital.

#### Contidos:

Socorrismo: aspectos xerais. Autoprotección. Avaliación inicial. Soporte vital básico. Reanimación cardio pulmonar (RCP). Hemorrxias e shock. Feridas e contusións. Queimaduras e alteracións da termorregulación. Traumatismos osteoarticulares. Mobilización e evacuación de feridos. O botiquín.

Impartido por



**Cruz Vermella**

Nº de prazas máximo: 20

Duración: 4 horas.

Información e inscricións nos tfnos. 667 905 330, 981 51 22 44 ou en [aestacion@concellodevedra.gal](mailto:aestacion@concellodevedra.gal)







A ESTACION  
CENTRO DE EMPRENDEMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2023  
CURSO GRATUITO

## ORIENTACIÓN PARA EMPRENDER

Día 16 de outubro de 2023 (de 10 a 13 h.)

### Punto de partida:

As condutas que desenvolvemos teñen que aportarnos beneficio e benestar (na vida persoal e na vida profesional). Trátase de enfrontar a nosa responsabilidade nas relacións cos demais e poñer a proba constantemente o noso atrevemento, capacidade de esforzo, perseveranza e forza. Do atrevemento a aceptar o que somos, cos nosos puntos febles e fortes ao esforzo por cambiar e evolucionar.

### Os temas que traballaremos serán:

- Autonomía e autoxestión persoal para emprender.
- A asertividade como conduta: actitude e autoafirmación.
- A comunicación funcional: entre a negociación e a firmeza.
- A imaxe persoal como estratexia: o manexo das situacións de relación interpersonal



Nº de prazas máximo: 12

Duración: 3 horas.

Información e inscricións nos tfnos. 667 905 330, 981 51 22 44 ou en [aestacion@concellodevedra.gal](mailto:aestacion@concellodevedra.gal)



A ESTACION  
CENTRO DE EMPRENDEMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2023  
CURSO GRATUITO

## INTELIXENCIA EMOCIONAL EN AMBIENTES PROFESIONAIS

Días 23 a 26 de outubro de 2023 (de 10:30 a 13 h.)

### Podemos entrenar a intelixencia emocional? Para qué serve?

A intelixencia emocional permítenos tomar conciencia das nosas emocións, entender os sentimentos dos demais, ser máis resistentes ás presións e frustracións, incrementar a nosa capacidade de vivir e traballar con outras persoas, e ser capaces de adoptar unha actitude empática e social.

### As competencias que traballaremos serán:

- Aprendizaxe das emocións.
- A xestión emocional: prepararse para o incontrolable.
- A intelixencia social: deseñados para conectar



Nº de prazas máximo: 12

Duración: 10 horas.

Información e inscricións nos tfnos. 667 905 330, 981 51 22 44 ou en [aestacion@concellodevedra.gal](mailto:aestacion@concellodevedra.gal)





## CURSO 2023/2024 DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE VEDRA

■ Co mes de outubro comezan as actividades culturais e deportivas propostas no Programa Municipal.

Os prazos de inscricións están xa pechados!!

Consultas e información no teléfono 981 814 691 ou no enderezo electrónico: [cultura@concellodevedra.gal](mailto:cultura@concellodevedra.gal)



## VOLVE O SENDEIRISMO

■ O grupo de sendeiristas de Vedra volve ás andainas e faino coa etapa dende "Coido de Cuño" ata a Praia de Lires (cunha distancia de 20 km aprox.)

• **Data: sábado 21 de outubro**

Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 h.
- Parada en Lestedo ás 7:40 h.
- Parada no Breixo as 7:45 h.
- Parada Hipercor ás 7:55 h.
- Diante oficina do BNG (antigua Estación de Buses as 8:00 h.)

Se nunca viviches esta experiencia e queres facelo podes informarte e inscribirte no 981 814 691 ou no enderezo electrónico [cultura@concellodevedra.gal](mailto:cultura@concellodevedra.gal).



## Servizos Sociais



### AXENDA DE ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ **Excursión á Costa da Morte (Vimianzo e Fisterra).**

**O mércores 18 de outubro.**

**Prezo:** 30 € (Inclúe transporte, visitas e comida) -prazas limitadas- (O prazo de inscrición ábrese o 5 de outubro ás 17:00 h. no Centro Social.

As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición).

■ **Atención personalizada, ensino para o uso do teléfono móbil**

Ao longo do mes de outubro, con cita previa.

Para máis información e inscricións:

Centro Sociocultural de Vedra (en horario de tarde).

Servizos Sociais: 981 814 695 (en horario de mañá).

■ **Bingo.**

**Xoves 19 de outubro ás 20:00 h.**

■ **Circuíto Termal nas Termas de Outariz.**

**Luns 6 de novembro**

**Prezo:** 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

**Programa:** pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 19 de outubro ás 17:00 h. no Centro Social.

As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición).

■ **Bingo.**

**Xoves 9 de novembro ás 20:00 h.**

■ **Magosto e baile.**

**Sábado 18 de novembro ás 20:00 h.** Actuación musical de Martín Reimúndez





## INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

### ■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

### ■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).
2. Libre concorrência: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescripción técnica do profesional de referencia.

### ■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.



### ■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas.

Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade.

As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestido.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

### ■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



Deputación  
DA CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA





## LUDETECA MUNICIPAL

■ Este mes dende o programa de conciliación Conxuga Espazo Corresponsable queremos aproveitar para traballar a educación para a corresponsabilidade e a igualdade en todas as actividades.

Con esta intención, propomos os seguintes obradoiros e actividades:

- “Xogos reunidos” : xogos grupais, cooperativos, de mesa, paracaídas....
- Experimentos divertidos.
- Obradoiro emocional: “Descubrimos como somos”.
- Contos en valores.
- Obradoiro de maquillaxe e caras terroríficas.
- Concurso de sustos.
- Obradoiro “SuperChef”, cociña terrorífica
- Somos “manitas”: O Samaín.
- Celebramos o “Samaín”



XUNTA  
DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello  
de Vedra

## Muller



### #ACABOUSE

■ A violencia machista existe, son moitas as mulleres que se ven expostas a estas violencias todos os días nas súas múltiples formas, por iso o Concello de Vedra, proporciona unha serie de servizos e actuacións ás mulleres en todo o referente á igualdade de oportunidades, conciliación da vida profesional e familiar e prevención da violencia de xénero.

**É IMPORTANTE LEMBRAR** que non existe un perfil de muller vítima de malos tratos. Calquera muller, sen importar o seu nivel social, cultural, económico... pode ser vítima de violencia de xénero. Debes saber que existen servizos públicos gratuítos dirixidos a mulleres que foron vítimas de violencia ou poidan selo, e aos seus fillos/ as, así como asesoramento e formación aos profesionais que traballan neste ámbito.

Contamos cun equipo de profesionais para axudarche. Podes contactar connosco acudindo aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra Teléfono: 981 814 693

Dende o programa de Información e orientación facilítase unha orientación e asesoramento ás mulle-

res que acoden, derivándoas, se fose necesario, aos departamentos que poidan proporcionarlles o apoio técnico adecuado. Días de atención de luns a venres.

#### Asesoramento Xurídico

Unha técnica xurídica informará e asesorará, intervindo, cando o caso o requira, naquelas materias xurídicas que afectan á muller tanto en dereito de familia como en dereito penal.

- Día de atención: venres.

#### Departamento de fomento de emprego

O departamento de fomento de emprego ofréceche:

- Información laboral.
- Cursos de pre-formación.
- Orientación para o autoemprego.
- Fórmula de traballo asociado: cooperativas, sociedades anónimas laborais...
- Subvencións e axudas para a creación de empresas.

- Días de atención de luns a venres.

Continúa na páxina 9



**Outras:**

Atención Psicolóxica.

- Día de atención: os martes.

**CUESTIÓNES IMPORTANTES PARA A AUTOPROTECCIÓN**

A continuación detállanse algúns hábitos de seguridade que é aconsellable asumir na túa vida cotiá.

**MEDIDAS DE PREVENCIÓN FÓRA DO DOMICILIO:**

- Leva sempre contigo un teléfono móbil.
- Garda os números de emerxencia (112, 091, 062) no teu teléfono móbil vinculándoos a unha tecla de marcación automática.
- Presta atención nos traxectos rutineiros e ás horas de chegada e saída do traballo, do colexio dos teus fillos/as, etc.
- Se compartiches o coche co agresor, cambia as fechaduras. Antes de montar e baixar do vehículo observa as inmediacións por se ves ao agresor.
- Activa sempre o peche automático das portas.
- Non aparques en sitios pouco iluminados nin transitados.
- Se sabes con antelación que existe a posibilidade de coincidir co agresor (puntos de encontro, actuacións xudiciais conxuntas, etc.), pide a algún familiar ou persoa de confianza que te acompañe.



Comunica esta situación á unidade policial que, no seu caso, valorará que medida de protección será a adecuada.

**MEDIDAS DE PREVENCIÓN NA CASA:**

- Ao entrar e saír da casa, presta atención e comproba os arredores da túa vivenda.
- Adopta medidas de seguridade: cambia a fechadura da porta, boa visibilidade da mirilla, etc.
- Cambia os teus números de teléfonos e solicita á empresa que non sexan rexistrados en guías públicas.
- Antes de abrir a porta, comproba que persoa está a chamar, se non a ves claramente NON abras.
- NUNCA abras ao agresor e advirte aos teus fillos, fillas, persoas ao teu cargo ou a outras persoas coas que compartas o domicilio. Se é el quen chama, máxime se conta cunha orde de afastamento, ponte en contacto coa policía.
- Comunica a túa situación a persoas da túa confianza, especialmente veciños, para que te advirtan se ven ao agresor vagando polos arredores da túa vivenda para que adoptes medidas de prevención e, no seu caso, avisen tamén á policía.
- Se ves ao agresor e estás fóra do domicilio: Diríxete rapidamente a un lugar concorrido e chama á policía informando da situación. Se non tes lugar público onde ir, chama a atención de persoas que estean na rúa ou pide auxilio nalgunha casa próxima.
- Se estás no coche e ves ao agresor, non deteñas o vehículo e diríxete a un lugar que consideres seguro (casas de familiares, amigos, dependencias policiais, etc).

**SE CREES QUE TE VAI AGREDIR:**

- Tenta escapar
- Grita e pide auxilio a outras persoas que te poidan axudar ou chamar á policía.
- Tenta defenderte.
- Protexe as partes máis vulnerables do teu corpo (cara, cabeza, peito e ventre) cos brazos e as pernas.

## MULLERES +

■ **ARRINCAMOS!! NOVO TALLER "MULLERES + 2023".**  
Programa da promoción do empoderamento persoal e autocoidado para mulleres no concello de Vedra.

Eu sei, eu móvome, eu protéxome.

- Coñecementos básicos no uso das TIC.
- Coñecementos teóricos e habilidades metodolóxicas para promover a inclusión dixital.
- SESIÓNS GRUPAIS E INDIVIDUAIS

O departamento de igualdade do concello pon en marcha unha nova edición do Programa Mulleres.

Esta acción formativa está pensada para que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas que van destinadas ao coñecemento e adquisición de novas capacidades en informática, en idiomas ou noutras ferramentas que lles permita, entre outros aspectos, poder acceder ao mercado laboral.

O programa Mulleres+ ten como obxectivos:

- A mellora das habilidades sociais, autoconcepto, e exercicio de dereitos e a participación de mulleres en situación de vulnerabilidade.
- Facilitar a inserción sociolaboral a través de itinerarios formativos e de orientación individualizados.
- Favorecer a toma de conciencia e o desenvolvemento persoal como muller mediante a intervención grupal.

• Impulsar o establecemento de relacións e redes de apoio.

• Aumentar a autoestima persoal e colectiva.

• Previr o illamento, a violencia e a perda de saúde.

• Dotar de ferramentas para a prevención e o enfrontamento en situacións de violencia de xénero.

• Promover o autocoidado e o goce individual e colectivo.

• Cuestionar a educación, normas e valores sociais que fomentan a violencia.



### O CURSO É GRATUITO

**INSCRICIÓNS E INFORMACIÓN: NOS TELÉFONOS 699 041 486 ou 981 814 693 OU NO ENDEREZO ELECTRÓNICO: [carmen.sabio@concellodevedra.gal](mailto:carmen.sabio@concellodevedra.gal) .**

**HORARIO: DE LUNS A VENRES DE 9:00 A 14:00 HORAS.**



## Iniciativas das Asociacións

### COGOMELAR 2023 COA ASOCIACIÓN AMABUL



**Obradoiro de iniciación á micoloxía**  
(de 10:00 a 14:00 h.)

**Obradoiro de identificación de Boletales**  
(de 16:00 a 17:30 h.)

**Obradoiro de Gastronomía e etnografía micolóxica**  
(de 17:30 a 20:00 h.)

**Intervien:**  
Chemi Traba, Mónica Saavedra e Juan Castiñeiras

**Preinscrición:**  
[www.amabul.org](http://www.amabul.org) - Prazas limitadas!!!

**Lugar:**  
Nave da Estación de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra)

**Máis info:**  
620 424 090, [amabul@amabul.org](mailto:amabul@amabul.org)





# Iniciativas das Asociacións

## CIRCUÍTO GALEGO DE TEATRO AMADOR 2023 EN VEDRA COA ASOC. PAPAVENTOS

**Circuíto Galego de Teatro Amador 2023**

FEDERACIÓN GALEGA DE TEATRO AFECCIONADO

Centro Sociocultural de Vedra

Entrada 3€

- 15/10/2023 ás 19:00 horas**  
Asociación dramática Pico do Castro  
"O Randiña"  
Todos os públicos
- 22/10/2023 ás 19:00 horas**  
Enxebre Teatro  
"Os gatos"  
Público Adulto
- 29/10/2023 ás 19:00 horas**  
Andaravia Teatro  
"Camiños e carreiros"  
Todos os públicos
- 05/11/2023 ás 19:00 horas**  
Chumpá Teatro  
"A vida de Brian"  
Todos os públicos

**XUNTA DE GALICIA**

Asociación Cultural Espazo Activo

Concello de Vedra

## ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO ESPAZO ACTIVO 2023

**PASABODEGHAS**

TRADICIÓN ORAL 28.10.23

e o millo... sen apañar!!!

**XUNTA DE GALICIA**

Asociación Cultural Espazo Activo

Concello de Vedra

## RELATOS MIGRANTES COA ASOC. PAPAVENTOS

**Relatos migrantes**

Exposición: "Cousas do Retorno", AJERGA (Asociación de jóvenes emigrantes retornados)

Actuación musical e queimada

**María Rosa Iglesias López**, escritora galego-argentina; presentará os libros "Aurelia quere oír" e "Jugársela en la otra orilla"

**Rocío Carbia López**, ilustradora argentina-galega; presentará o Fanzine "Casa Kimono Gato" e o seu proceso creativo entre as dúas beiras

Organizan:

**13/outubro**  
**21:00 h**  
Casa do Antigo Xulgado de Vedra

Colabora:

Concello de Vedra

raiceiros.org

**espaço activo**

da ULLA, San Miguel de Sarandón, Vedra, 2mil23

**28 PASABODEGHAS** "TRADICIÓN ORAL"

**17:00. RUTA GHATEIRA** (punto de encontro-rampa da festa)  
Cantares de Cunha | Os Feroces da Galgreira | Sarillo de Aiaz  
Os ke hai | Farrapos de Cesullas | Fragh'Ullas | Buxaina | No Cómbro |  
Son da Illa | Charanghailos | Son de Gaita | Borja e Cla | Reviravolta  
Ariños do Eume | Silandeira | Rumbia | Argaleiros | O Folk da Chousa |

**17:45. IRMANDADE** (LATEXOS DO RURAL E PASABODEGHAS) (Cruce da Pedreira)

**18:00. CÉ ORQUESTRA PANTASMA** (Home Orquestra, Espazo Infantil)

**18:45. REGU EIFANDO** con Suso de Xornas e Luis "O Caramecho" (Espazo Infantil)

**21:00. PAN SEN FRON** (Cruce da Pedreira)

**21:30. SUBIDA GHATEIRA**

**22:00. VIVA DA TERRA**

**22:30. CONCERTOS** (Campo da festa)

**CARAPPAUS**

**TIRULEQUE**

**BANDA XANGAI**

**29 XANTAR-FOLIADA**

**12:30. FESTIVAL FOLCLÓRICO DA ULLA** (Campo de festa)  
"A.C. MESTRE MANUEL GAGIO" (Lestedo-Boqueixán)  
"OBRADEIRO DE CULTURA TRADICIONAL ULTEIRA" (Santiago de Compostela)  
"ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO" (Sarandón-Vedra)

**14:00. XANTAR COMUNITARIO** (Reserva/retirada de tickets)

**16:00. GRUPO DE ACORDEÓN** da Asociación Cultural Coto da Nía de Aríns

**XUNTA DE GALICIA**

Asociación Cultural Espazo Activo

Concello de Vedra



## CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

### VIII DÚATLON CONCELLO DE VEDRA POR EQUIPOS- CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE DÚATLON CONTRA O RELOXO POR EQUIPOS

■ Unha nova edición que xa constitúe a VIII, e que por 7º ano consecutivo será o Campionato Galego da modalidade da Federación Galega de Tríatlón. Cada un dos equipos, feminino e masculino, estará conformado por un máximo de 6 deportistas, e un mínimo de 4, e deberán completar un percorrido de 5km de carreira a pé dende a pista de Rodadura de Vedra e dirección Trobe, 20 km de ciclismo dirección San Fins, para rematar a competición novamente coa carreira a pé, pero nesta ocasión cunha distancia de 2,5 km.

Deportistas do Club, terán novamente a ilusión de competir na casa, desexando que o percorrido estea ateigado de veciños e veciñas para dar alento aos preto de 400 participantes.

Como en anos anteriores, dende O Club Olímpico de Vedra, solicitan a colaboración veciñal, para garantir un fantástico desenvolvemento da proba, conseguindo así que non só o club senón todo o concello, siga a ser un referente na organización deste Duatlón contra o reloxo por equipos.

#### AVISO CORTES DE TRÁFICO.

Con motivo do Duatlón de Vedra-Campionato Xunta de Galicia, e tras o informe favorable de XEFA-



TURA PROVINCIAL DE TRÁFICO DE A CORUÑA o día 21 de outubro, entre as 14:30 h. e as 19:00 h. as seguintes estradas do concello veranse cortadas ao tráfico. VÍAS AFECTADAS: DP-8203 dende Trobe e a Avenida do Mestre Manuel Gómez (núcleo urbano), ata o Terrón (cruce coa L-45), e dende aí por esa estrada local L-45 ata o lugar de Cornado, San Fins de Sales (Vedra).

## A XANELA DA LINGUA...

### PATRIMONIO TOPONÍMICO

■ Falar da riqueza da lingua galega sempre nos vai levar nalgún momento ao noso patrimonio toponímico.

Os nomes dos nosos lugares, paraxes, aldeas, cidades, etcétera é parte da nosa historia e parte da nosa cultura e patrimonio lingüístico. Durante décadas realizáronse moitos estudos sobre a nosa toponimia que foron recollidos en múltiples páxinas web e documentos, pero se queremos aproxi-

marnos a un recurso práctico sobre toponimia de Galicia podemos consultar a plataforma colaborativa "Galicia nomeada" da Xunta de Galicia, no enderezo web: <https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/inicio>.

Nesta plataforma podemos achegar os nosos coñecementos sobre a microtoponimia do noso territorio e enriquecer desta forma a información recollida no portal.

**PUBLICA A TÚA PROPOSTA!!** Se pertences a calquera dos colectivos asociativos de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no boletín, simplemente escríbeno a [cultura@concellodevedra.gal](mailto:cultura@concellodevedra.gal) ou chama ao 981 814 691. A DATA LÍMITE É O 20 DE CADA MES!!